



PRESENTADO EN FITUR O II DESCENSO INTERNACIONAL DE REMO DO RIBEIRO "OPEN DE LAS NACIONES"

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2008. Hoxe xoves 31 de xaneiro presentouse ás 18:00h o II Descenso Internacional de Remo do Ribeiro "Open de las Naciones" no Stand que Turgalicia ten instalado en FITUR (Feira Internacional do Turismo). O acto estivo presidido por D. Xurxo Rodríguez, Alcalde de Castrelo de Miño, D. Ignacio Rodríguez, Director Xeral do Xacobeo e D. Francisco Quiroga, Presidente de AGAN, unha das entidades organizadoras.

O II Descenso Internacional de Remo do Ribeiro "Open de las Naciones" para equipos 8+ masculino e 4x feminino terá lugar os días 1 e 2 de marzo de 2008 no encoro de Castrelo de Miño (Ourense), única pista olímpica de Galicia, está organizado polo Real Clube Náutico de Vigo, o Clube Náutico de Castrelo de Miño, a Asociación Galega de Actividades Náuticas (AGAN) en colaboración coas Federacións Portuguesa, Española e Galega de Remo. Por outra banda conta co patrocinio da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Turismo, Dirección Xeral de Deporte Dirección Xeral para a Igualdade), Fundación Deporte Galego, Deputación de Ourense e o Concello de Castrelo de Miño. Ademais conta co patrocinio de Caixanova e Estrella Galicia.

Nesta "II Descenso Internacional" presentaranse dous formatos de regata:

Por unha banda, unha regata de longa distancia: Descenso de 6500 metros con saídas por embarcacións a intervalos de 30 segundos, efectuándose a competición polo sistema de contrarreloxo.

E por outra banda unha regata de velocidade: consistente en 1000 metros en pista por quendas de un máximo de 6 rúas, saíndo aliñados e efectuándose a competición tamén polo sistema de contrarreloxo.

Faranse dúas clasificacións diferenciadas: unha de Longa Distancia e outra de Velocidade, tanto de participantes masculinos, como femininos.

Un dos obxectivos é principalmente ademais de o de fomentar a práctica de este deporte e o de dinamizar un territorio como é o Ribeiro cun gran potencial como destino turístico. O I Descenso celebrado o pasado ano serviu como presentación internacional do Parque Náutico de Galicia e da súa única pista de remo olímpica que se pretende potenciar como lugar de adestramento de seleccións nacionais tal e como xa está facendo Portugal.

Adxúntanse fotografías da presentación:

De esquerda a dereita: Xurxo Rodríguez, Ignacio Rodríguez e Francisco Quiroga